



# desenvolvemento rexional

- infraestructuras
- investigación e tecnoloxía
- medio ambiente
- políticas de desenvolvemento



## 5.1. ■ ■ infraestructuras

■ O estudo da situación das infraestructuras parte da información facilitada polo Ministerio de Fomento, Renfe, FEVE, a Asociación de Parques Tecnolóxicos de España (APTE), Aeroportos Españoles y Navegación Aérea (AENA), Portos de Galicia, os presupostos Xerais da Xunta, o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS). A primeira parte deste capítulo está dedicada ó estudo das infraestructuras de transporte (terrestres, ferroviarias, portuarias e aeroportuarias), unha segunda parte centrada no estudo do investimento en materia de infraestructuras hidráulicas e, finalmente, trátase o tema dos parques tecnolóxicos e empresariais.

Cómpre salientar que Galicia conta con 29.964 entidades singulares de poboación (o 48,9% do total das existentes en España), o que supón un maior esforzo adicional en infraestructuras.

Tal e como reflicte o **cadro C.5.6.** (*Investimento público real territorializado por axentes das administracións públicas 2001-02: presupostos iniciais*), tódolos axentes das administracións públicas agás a Comunidade

Autónoma incrementaron no ano 2002 o seu investimento público real territorializado en Galicia, de tal xeito que a participación dos distintos axentes das administracións públicas nos gastos correspondentes a investimento civil no ano 2002 reflicte a seguinte situación: a Comunidade Autónoma participou cun 50,5%; os Concellos, cun 24,1%; o Estado, cun 18,6%; e as Deputacións, cun 6,8%.

No concernente á porcentaxe do investimento dos axentes das administracións públicas en Galicia en relación ó total de investimento no conxunto do Estado, cómpre salientalo incremento da porcentaxe de investimento do Estado en Galicia pasando d 3,7% no ano 2001 ó 3,9% no ano 2002, fronte á redución da porcentaxe de investimento da Comunidade Autónoma en relación o total do realizado a nivel estatal, pasando do 9,7% no ano 2001 ó 8,4% no ano 2002.

### Infraestructuras de transporte terrestre

Respecto ás infraestructuras terrestres por estradas, os datos do anuario estatístico 2001 do

CADRO 5.1.1.

Lonxitude da rede de estradas nas CC.AA. 2000-01

	2000				2001			
	Rede de estradas	A cargo do Estado	Autoestradas, autovías e estradas de dobre calzada da Rede do Estado	Rede a cargo das CC.AA.	Rede de estradas	A cargo do Estado	Autoestradas, autovías e estradas de dobre calzada da Rede do Estado	Rede a cargo das CC.AA.
	(en quilómetros)							
Andalucía	88.911	3.229	1.291	10.799	88.644	3.304	1.381	10.464
Aragón	45.503	2.194	450	5.408	45.541	2.238	494	5.391
Asturias	18.122	714	184	4.164	18.152	731	203	4.177
Baleares	9.427	-	-	1.415	9.421	-	-	1.410
Canarias	12.579	-	-	-	12.481	-	-	-
Cantabria	8.131	559	135	2.033	8.134	584	151	2.010
Castela-A Mancha	81.541	3.418	875	7.971	81.615	3.466	937	7.997
Castela e León	116.546	4.879	1.187	11.305	116.627	4.899	1.221	11.345
Cataluña	61.757	1.962	763	5.504	61.785	1.975	778	5.559
C. Valenciana	41.189	1.801	821	2.810	41.225	1.834	870	2.815
Extremadura	36.357	1.357	267	3.671	36.468	1.389	300	3.731
Galicia	79.127	2.203	633	5.119	79.173	2.232	659	5.128
Madrid	16.496	618	506	2.524	16.596	618	506	2.624
Murcia	14.599	606	285	3.041	14.632	624	323	3.056
Navarra	12.608	39	39	3.646	12.626	39	39	3.664
País Vasco	13.797	89	85	-	13.756	88	85	-
A Rioxa	7.819	412	135	1.394	7.875	412	135	1.450
Ceuta e Melilla	101	25	-	33	101	25	-	33
<b>Total</b>	<b>664.610</b>	<b>24.105</b>	<b>7.656</b>	<b>70.837</b>	<b>664.852</b>	<b>24.458</b>	<b>8.082</b>	<b>70.854</b>

Fonte: Ministerio de Fomento

CADRO 5.1.2.

Índices da rede de estradas do Estado, Comunidades Autónomas, Deputacións e Cabildos 2000-01 (1)

	2000				2001			
	Rede total/km2 de superficie	Rede total/1000 habitantes (2)	Vehículos parque/rede total	Vehículos parque/1000 habitantes (2)	Rede total/km2 de superficie	Rede total/1000 habitantes (3)	Vehículos parque/rede total	Vehículos parque/1000 habitantes (3)
Andalucía	0,28	3,36	148,87	500,54	0,28	3,28	157,54	516,96
Aragón	0,21	8,57	61,68	528,88	0,21	8,51	63,51	540,73
Asturias	0,46	4,50	103,66	466,35	0,46	4,56	106,46	485,92
Baleares	0,44	2,65	323,79	857,32	0,43	2,47	340,26	840,37
Canarias	0,60	2,65	255,26	676,48	0,58	2,43	270,94	659,50
Cantabria	0,49	4,90	106,42	521,97	0,49	4,83	111,06	535,86
Castela-A Mancha	0,24	10,83	48,75	527,74	0,24	10,69	50,90	544,18
Castela e León	0,35	13,25	38,66	512,19	0,35	13,33	39,92	532,10
Cataluña	0,38	1,94	332,16	644,41	0,38	1,90	341,13	647,31
C. Valenciana	0,36	2,08	298,86	620,96	0,36	2,02	310,12	626,13
Extremadura	0,21	8,10	59,54	482,35	0,21	8,21	61,22	502,34
Galicia	0,58	6,30	83,49	526,10	0,58	6,31	86,33	544,90
Madrid	0,39	0,61	1.091,69	666,64	0,40	0,60	1.117,89	674,59
Murcia	0,32	3,22	184,81	595,54	0,33	3,09	192,20	594,19
Navarra	0,35	6,85	90,38	619,02	0,36	6,66	93,26	620,83
País Vasco	0,60	2,07	241,57	500,63	0,60	2,05	251,16	515,35
A Rioxa	0,36	6,81	79,70	542,80	0,37	6,89	80,35	553,33
<b>Total</b>	<b>0,32</b>	<b>4,07</b>	<b>141,84</b>	<b>577,06</b>	<b>0,32</b>	<b>3,98</b>	<b>148,05</b>	<b>589,78</b>

(1) na rede de estradas non se inclúen a lonxitude de camiños veciñais a cargo de Concellos, Ministerio de Defensa e outros Organismos

(2) poboación oficial a 1-1-1999

(3) poboación oficial a 1-1-2001

Fonte: Ministerio de Fomento

CADRO 5.1.3.

Investimentos medios na rede de estradas do Estado, CC.AA., Deputacións e Cabildos 1997-01 (1)

	Administracións públicas		Estado		Entes Territoriais Autónomas		Deputacións e Cabildos		Administracións públicas		Estado		Entes Territoriais Autónomas		Deputacións e Cabildos	
	(en miles de € /1000 haabs.) (2)				(en miles de € /quilómetro de rede)											
	Total		Total		Total		Total		Total		Total		Total		Total	
Andalucía	81,62	47,90	33,72	25,12	8,59	29,69	107,34	11,84	17,79	6,07						
Aragón	169,43	117,26	52,17	39,85	12,32	23,26	62,87	7,87	8,83	5,71						
Asturias	262,82	135,71	127,11	127,11	-	64,43	199,60	32,70	32,70	-						
Baleares	41,77	-	41,77	35,70	6,07	20,92	-	16,95	22,24	7,03						
Canarias	99,89	-	99,89	-	99,89	41,05	-	41,05	-	41,05						
Cantabria	270,58	198,51	72,06	72,06	-	62,93	182,77	19,29	19,29	-						
Castela-A Mancha	163,78	85,94	77,83	66,65	11,18	18,69	43,51	8,96	14,60	2,70						
Castela e León	216,79	133,18	83,60	66,47	17,13	19,11	67,37	7,51	14,54	2,76						
Cataluña	74,10	43,51	30,59	25,48	5,11	47,06	139,68	19,29	29,21	7,21						
C. Valenciana	79,63	40,39	39,25	30,83	8,41	46,22	92,62	24,82	46,58	9,20						
Extremadura	122,79	60,28	62,51	44,05	18,45	17,67	46,58	9,02	12,68	5,35						
Galicia	155,06	101,33	53,73	36,78	16,95	29,81	122,97	9,80	19,59	4,69						
Madrid	25,30	11,90	13,40	13,40	-	55,35	103,61	27,47	27,47	-						
Murcia	74,10	43,21	30,89	30,89	-	28,13	82,46	12,02	12,02	-						
Navarra	159,63	-	159,63	159,63	-	24,22	-	24,22	24,22	-						
País Vasco	92,01	-	92,01	-	92,01	51,99	-	45,80	-	45,80						
A Ríoxa	137,69	71,52	66,17	66,17	-	22,42	46,94	12,32	12,32	-						
<b>Total</b>	<b>103,67</b>	<b>56,50</b>	<b>47,18</b>	<b>34,14</b>	<b>13,04</b>	<b>30,71</b>	<b>95,02</b>	<b>13,94</b>	<b>19,83</b>	<b>7,81</b>						

(1) na rede de estradas non se inclúe a lonxitude de camiños veciñais a cargo de Concellos, Ministerio de Defensa e outros Organismos

(2) poboación oficial a 1-1-2001

Fonte: Ministerio de Fomento

CADRO 5.1.4.

Investimentos do Ministerio de Fomento en Galicia 2002: distribución provincial e segundo organismo

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Varias prov.	Total
	(en miles de €)					
<b>Direccións xerais</b>	100.076	23.093	23.530	57.594	29.208	233.501
Secretaría de estado de infraestructuras	-	-	-	-	-	-
D.G. de carreteras	25.629	21.968	23.044	43.237	8.650	122.528
D.G. de ferrocarriles	72.548	323	-	13.837	4.305	91.013
D.G. de la vivienda, la arquitectura y el urbanismo	1.284	802	416	209	16.253	18.964
D.G. de programación económica	-	-	-	-	-	-
Subsecretaría de Fomento	-	-	-	-	-	-
Subsecretaría general técnica	-	-	-	-	-	-
D.G. del Instituto geográfico nacional	17	-	-	-	-	17
D.G. de transportes por carretera	471	-	70	303	-	844
D.G. de marina mercante	127	-	-	8	-	135
D.G. de aviación civil	-	-	-	-	-	-
<b>Organismos autónomos</b>	-	-	-	-	-	-
C.E.D.E.X.	-	-	-	-	-	-
Centro español de meteorología	-	-	-	-	-	-
Centro nacional de información geográfica	-	-	-	-	-	-
<b>Entidades públicas empresariais</b>	66.292	15.830	7.672	33.666	-	123.460
Gestor de infraestructuras ferroviarias	-	-	-	-	-	-
Aeropuertos españoles y navegación aérea	3.097	-	-	1.274	-	4.371
Puertos del Estado	25.257	-	-	24.201	-	49.458
Renfe	24.852	15.224	5.411	4.821	-	50.308
FEVE	40	18	-	-	-	58
S.E.P.E.S.	7.404	205	-	26	-	7.635
Correos y telégrafos	5.607	383	2.261	3.342	-	11.593
Salvamento y seguridad marítima	35	-	-	2	-	37
<b>Total</b>	<b>166.368</b>	<b>38.923</b>	<b>31.202</b>	<b>91.260</b>	<b>29.208</b>	<b>356.961</b>

Fonte: Ministerio de Fomento

Ministerio de Fomento reflicten que a rede de estradas de Galicia está composta no ano 2001 por 79.173 quilómetros, dos que 61.755 quilómetros corresponden á rede viaria municipal, 15.186 km están a cargo dos Entes Territoriais e 2.232 km, a cargo do Estado.

Do total de quilómetros a cargo do Estado, o **cadro 5.1.1.** reflicte que o 29,5% (659 quilómetros) corresponden a autoestradas, autovías e estradas de dobre calzada, en tanto que dos quilómetros a cargo dos Entes Territoriais, o 66,2% dos mesmos, 10.058 quilómetros, están a cargo das Deputacións provinciais, e 5.128 km están a cargo da Comunidade Autónoma.

En relación ó **investimento medio** na rede de estradas do Estado, comunidades autónomas, deputacións e millóns no período 1997-01, o **cadro 5.1.3.** amosa que Galicia é a sétima comunidade na que máis se inviste por habitante, con 155,06 miles de euros por cada 1.000 habitantes, tan só superada por Aragón (169,4 miles de euros por cada 1.000 habitantes), Asturias (262,8), Cantabria (270,5), Castela A Mancha (163,7), Castela e León (216,7) e Navarra (159,6). En termos de investimento por quilómetro de rede, o investimento en Galicia ascendeu, no mesmo

período, a 29,81 miles de euros, sendo a oitava comunidade na que máis se inviste, por detrás de Asturias (64,4 miles de euros por quilómetro de rede), Canarias (41), Cantabria (62,9), Cataluña (47), a C. Valenciana (46,2), Madrid (55,3) e o País Vasco (51,9).

Tal e como reflicte o **cadro 5.1.4.**, o investimento realizado polo Ministerio de Fomento en Galicia ascendeu a 356,9 millóns de euros no ano 2002. O 34,3% do investimento total do Ministerio de Fomento está realizado pola Dirección General de Carreteras, cun investimento no ano 2002 de 122,5 millóns de euros, seguida da Dirección General de Ferrocarriles con 91,0 millóns de euros de investimento, o que supón o 25,5% do investimento total.

No que respecta ós investimentos en Galicia das entidades públicas empresariais, destaca polo volume do seu investimento Renfe, con 50,3 millóns de euros o que supón o 40,7% do total de investimentos en Galicia das entidades públicas empresariais e o 14,1% do total de investimentos do Ministerio de Fomento en Galicia ó longo do ano 2002.

Desagregando a nivel provincial, o 46,6%

**Proxecto de investimentos das Direccións Xerais de Obras Públicas e de Transportes 2001-02**

413 A Ordenación e inspección do transporte terrestre		2001	2002	02/01
		(en miles de €)		%
600	Mellora da accesibilidade	9.733,8	4.729,8	-51,4
610	Infraestructuras de mellora da accesibilidade	374,3	522,4	39,6
623	Maquinaria, instalacións e utensilios - adquisicións	258,4	-	0,0
625	Mobiliario e utensilios	12,0	-	0,0
626	Equipos para procesos informáticos	30,1	30,0	-0,2
632	Edificios e outras construcións	-	60,1	0,0
633	Maquinaria, instalacións e utensilios - reposición	-	18,0	0,0
640	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	601,9	745,9	23,9
413 B Construcción, conservación e explotación de estradas		2001	2002	02/01
600	Mellora da accesibilidade	96.964,2	110.251,0	13,7
610	Infraestructura de mellora da accesibilidade	11.140,4	28.980,0	160,1
623	Maquinaria, instalacións e utensilios - adquisicións	450,8	300,0	-33,4
624	Material de transporte	-	200,0	0,0
625	Mobiliario e útiles	120,2	120,0	-0,2
626	Equipos para procesos de información	30,1	150,0	399,2
640	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	1.502,5	1.850,3	23,1

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

do total do investimento realizado polo Ministerio de Fomento en Galicia está realizado na provincia de A Coruña con 166,4 millóns de euros, sendo o investimento máis importante o da Dirección General de Ferrocarriles con 72,5 millóns de euros; a segunda provincia en importancia polo volume de investimentos é a de Pontevedra, con 91,3 millóns de euros, dos que o 48% (43,2 millóns de euros) foi realizado pola Dirección General de Carreteras.

Nos Presupostos Xerais da Xunta de Galicia para o ano 2002 recóllense os principais programas das Direccións Xerais de Obras Públicas e de Transportes, **cadro 5.1.5.** O investimento do programa de construción, conservación e explotación de estradas ascendeu a 141,8 millóns de euros, un 28,7% máis que o presupostado no ano anterior.

O **cadro C.5.2.** (*Investimentos presupostados en estradas, portos e obras hidráulicas 2001-02*) recolle a evolución de investimento realizado pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda en estradas, portos e obras hidráulicas. Este investimento rexistrou no ano 2002 unha medra do 25%, para acadar 230,6 millóns de euros, dos que 139,2 millóns de euros corresponden á Dirección Xeral de Obras Públicas (un 38,8% máis que no ano 2001). O investimento en obras hidráulicas (Augas de Galicia e Obras e Servicios Hidráulicos) acadou

os 70,3 millóns de euros (un 11,3% superior ó rexistrado en 2001) e Portos de Galicia mantén no ano 2002 un investimento similar ó do ano anterior, 21,1 millóns de euros.

### Infraestructuras portuarias e aeroportuarias

O investimento en infraestructuras portuarias en Galicia ascendeu a 69,7 millóns de euros no ano 2002, dos que 49,4 millóns de euros corresponde ó investimento realizado polo ministerio de fomento nos portos de interese xeral, e 20,3 millóns de euros ó investimento no resto dos portos de Galicia.

- **Portos de interese xeral do Estado.-** Tal e como reflicte o **cadro 5.1.4.**, o investimento do Ministerio de Fomento no ano 2002 en materia de infraestructuras e explotación portuaria foi de 49,4 millóns de euros. Nos portos da provincia de A Coruña este investimento ascendeu a 25,2 millóns de euros e nos portos da provincia de Pontevedra o investimento acadou os 24,2 millóns de euros.

- **Portos da Comunidade Autónoma.-** O investimento en infraestructuras portuarias ó longo do ano 2002 ascendeu a 20,3 millóns de euros, un 7,7% menos que o investido ó longo do ano anterior. Atendendo á distribución provincial, o **cadro C.5.4.** (*Investimentos de Portos de*

CADRO 5.1.6.

Investimentos de Portos de Galicia 2001-02

	2001				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
	(en €)				
Sinais marítimas e balizamento	23.261,70	-	-	19.455,30	42.717,00
Accesos marítimos	79.540,27	-	-	-	79.540,27
Obras de abrigo e dársenas	2.633.641,60	1.469.484,16	-	974.707,44	5.077.833,20
Obras de atraque	5.340.429,90	592.916,95	-	2.702.912,28	8.636.259,13
Edificacións	1.592.637,02	333.983,74	-	604.597,44	2.531.218,20
Instalacións xerais	476.894,96	62.385,59	-	232.679,61	771.960,15
Pavimentos, calzadas e vías circulación	1.908.830,99	254.132,17	-	2.661.671,12	4.824.634,28
Outras instalacións	12.008,56	-	-	-	12.008,56
Outro inmovilizado material	-	-	-	53.526,34	53.526,34
<b>Total</b>	<b>12.067.245,00</b>	<b>2.712.902,62</b>	<b>-</b>	<b>7.249.549,54</b>	<b>22.029.697,15</b>

  

	2002				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
	(en €)				
Sinais marítimas e balizamento	38.189,23	5.400,00	-	73.142,78	116.732,01
Accesos marítimos	16.780,50	128.611,45	-	-	145.391,95
Obras de abrigo e dársenas	1.257.126,96	2.042.754,61	-	1.084.205,30	4.384.086,87
Obras de atraque	4.444.328,29	582.374,12	-	2.279.426,56	7.306.128,97
Edificacións	1.074.865,92	348.314,51	-	1.620.844,93	3.044.025,36
Instalacións xerais	310.267,88	63.936,27	-	115.188,11	489.392,26
Pavimentos, calzadas e vías circulación	1.275.064,92	554.896,44	-	2.255.433,24	4.085.394,60
Estudios e proxectos	255.742,16	164.248,96	-	286.507,60	706.498,72
Equipos manipulación mercadorías	10.259,88	20.073,80	-	-	30.333,68
Instalacións e utillaxe	5.445,00	-	-	-	5.445,00
Outras instalacións	2.730,00	-	-	27.663,41	30.393,41
<b>Total</b>	<b>8.690.800,74</b>	<b>3.910.610,16</b>	<b>-</b>	<b>7.742.411,93</b>	<b>20.343.822,83</b>

Fonte: Portos de Galicia

Galicia nos portos galegos 2001-02) reflicte que o investimento nos portos da provincia de A Coruña, acadou os 8,7 millóns de euros, un 28% menos que no ano 2001. O investimento nos portos da provincia Pontevedra ascendeu un 6,8% respecto ó ano anterior, e os da provincia de Lugo ven como o investimento medra un 44,1%.

Atendendo ós diferentes tipos de obras, o **cadro 5.1.6.** reflicte que no ano 2002 os investimentos máis importantes son os de obras de atraque, que abrangue o 35,9% do investimento (7,3 millóns de euros), os de obras de abrigo e dársenas e os de pavimentos, calzadas e vías de circulación, co 21,5% (4,3 millóns de euros) e 20% (4 millóns de euros), respectivamente.

No caso das **infraestructuras aeroportuarias**, no ano 2002 o investimento realizado polo Ministerio de Fomento en Galicia ascendeu a 4,4 millóns de euros no ano 2002 (**cadro.5.1.4.**).

Desagregando o investimento por provincias, os aeroportos da provincia de A Coruña recibiron 3,1 millóns de euros e o da provincia de

Pontevedra 1,3 millóns de euros ó longo do ano 2002

## Parques tecnolóxicos e empresariais

Os parques tecnolóxicos están orientados cara a empresas e institucións con alto nivel tecnolóxico e innovador como son, entre outros, as industrias de transformación da madeira, ou sectores da prezo, agroalimentario, téxtil ou de rochas ornamentais.

O Parque Tecnolóxico de Galicia, ubicado no concello ourensán de San Cibrao das Viñas, presentou en 2002 unha ocupación do 51%, sendo o prezo medio da parcela de 45,08 euros por metro cadrado. As 51 empresas emprazadas no Parque tiñan un total de 728 traballadores.

Ó carón deste parque tecnolóxico hai en Galicia un total de 36 parques empresariais operativos promovidos polo IGVS e o Xestur, que ofertan un total de 1.489 parcelas e unha superficie comercial de 2.494.777 metros cadrados. O



**CADRO 5.1.7.**
**Parques empresariais en promoción polo IGVS e Xestur <sup>(1)</sup>**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
<b>En execución</b>		Begonte Cervo Guitiriz Quiroga Xermade	O Barco de Valdeorras Ribadavia San Cibrao de Viñas Verín	Tui
<b>En curso</b>	Porto do Son Rianxo Padrón Oroso Santa Comba Ortigueira	Barreiros Monterroso Palas de Rei Lugo Mondoñedo Foz Vilalba Lourenzá	Celanova Entrimo Pereiro de Aguiar Vilamarín Xinzo	Arbo Bueu 2ª fase Lalín 3ª fase Pontevedra 2ª fase Salceda de Caselas Salvaterra (Plataforma)
<b>En estudio de viabilidade</b>	Couso-Ribeira Muros Negreira Brión Cee Vimianzo Coristanco Arteixo Abegondo Cedeira Caríño Vilasantar	Meira Outeiro de Rei Pontenova Taboada Viveiro		A Garda-O Rosal Ponteareas O Covelo Vigo-Liñeiríños Vigo-A Garrida Cangas Soutomaíor Pontecaldeas Sanxenxo Meis-Barro Vilanova de Arousa Illa de Arousa Caldas de Reis Catoira

(1) Actualización a 8 de maio de 2003  
Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGVS

**CADRO 5.1.8.**
**Parques empresariais promovidos polo IGVS e Xestur <sup>(1)</sup>**

	Operativos	En execución	En curso	En estudio de viabilidade
<b>Galicia</b>	35	10	25	31
<b>A Coruña</b>	13	0	6	12
<b>Lugo</b>	12	5	8	5
<b>Ourense</b>	5	4	5	0
<b>Pontevedra</b>	5	1	6	14

(1) Actualización a 8 de maio de 2003  
Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGVS

**cadro C.5.5.** (*Parques empresariais promovidos polo IGVS e Xestur*) recolle os datos máis salientables en relación con estes parques empresariais e a súa agrupación por provincias, observando que os parques empresariais que presentan unha maior superficie comercial son os de Pontevedra e Lalín na provincia de Pontevedra, Somozas e Culleredo en A Coruña, e finalmente Vilalba en Lugo.

Xunto a estes parques operativos, a 8 de maio do ano 2003 había un total de 10 parques en execución, 25 en curso e 31 en estudio de viabilidade (cadros 5.1.7. e 5.1.8.). ■

